


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA


Data: 24/07/2020 9:19:24

SAIDA


8376/20




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 59/2020**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 12 de maio de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de maio de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 5 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se estima parcialmente a súa solicitude de obtención de copia dos enunciados dos exercicios e plantillas correctoras dos procedementos selectivos realizados en Galicia da especialidade de Bioloxía e xeoloxía do corpo de profesores de ensino secundario de distintos anos

O reclamante indicaba solicitou acceso aos enunciados e plantillas correctoras das oposicións a profesorado de secundaria da especialidade de bioloxía e xeoloxía dos anos (anos 2019, 2018, 2016, 2014, 2010, 2008, 2007, 2006, 2005 e 2004) e tan só lle conceden o acceso a dous dos anos solicitados, sen concederlle acceso ás plantillas

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da resolución recorrida e do seu DNI.

Segundo. Con data do 26 de maio de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de xuño de 2020

Terceiro. Con data do 1 de xullo de 2020 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que concedéuselle ao recorrente un acceso parcial, na medida en que a petición era superior á documentación dispoñible, de xeito que se lle deu acceso a toda a información e documentación que constaba no expediente administrativo ao que se refería a solicitude.

En relación coa denegación de acceso ás plantillas correctoras alega a Consellería que de acordo coa normativa que lle é de aplicación, os tribunais destas probas son nomeados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aos que non lle son de aplicación as instrucións que alega o reclamante. Os tribunais teñen plena autonomía funcional e son responsables da obxectividade do procedemento e garantirán o cumprimento das bases da convocatoria. A eles lle corresponde, entre outras funcións, a determinación dos criterios de actuación e a determinación e publicidade dos criterios de avaliación, debendo axustarse a súa actuación ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Consellería indica a ligazón do portal web da Consellería na que se poderá acceder aos criterios de avaliación publicados polos tribunais da especialidade de Bioloxía e Xeoloxía da convocatoria de 2019 e 2018 e ás plantillas de corrección correspondentes a eses anos.

Os expedientes administrativos dos tribunais que están a disposición da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos nas súas dependencias e que están conformados, entre outras polas actas de extracción de temas, de unidades didácticas e de temas para a preparación e exposición oral dunha unidade didáctica e criterios de avaliación das distintas probas. Os enunciados dos exercicios escritos da fase de oposición así como os exames do persoal opositor e as plantillas de corrección, só se elaboran porque o tribunal así o decide, non conforman o expediente administrativo que debe entregarse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos senón que é o presidente/a do tribunal a persoa que custodia a devandita documentación.

Respecto da denegación de acceso á documentación dos enunciados dos exercicios escritos e criterios mínimos de avaliación dos procesos selectivos correspondentes aos anos 2014, 2010, 2008, 2007, 2005 e 2004, non forma parte do expediente nin os enunciados dos exercicios escritos nin as plantillas de corrección co nivel mínimo esixido, no caso de ter sido elaboradas.

Na Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso establécese que lles corresponde aos tribunais a elaboración dos exercicios e a publicación dos enunciados dos exercicios na páxina web, en consecuencia, na convocatoria do proceso selectivo correspondente ao ano 2020 publicaranse os enunciados dos exercicios na páxina web indicada. Indica a Consellería que dos anos solicitados, nomeáronse 41 tribunais e 6 comisións de selección, e a solicitude de información pública presentada implicaría que debería recadarse por cada tribunal nomeado os enunciados dos exercicios escritos da primeira proba e, se fora o caso de que as tivesen elaborado, as plantillas de corrección, que suporía una interferencia no principio de eficiencia que debe presidir a actuación e organización da Administración, considerando que a atención desta solicitude interferiría no normal funcionamento deste órgano.

Considera a Consellería que ás peticións relativas a calquera tipo de documentación de uso interno do tribunal, resúltalle tamén de aplicación a causa de inadmisión recollida no artigo 18.1, letra b) da Lei 19/2013 por tratase de información que teña carácter auxiliar ou de apoio, xa que non forma parte do expediente administrativo.

Así mesmo, en relación co deber de custodia da documentación exixible ás persoas que presiden os tribunais, considérase que excede do razoablemente exixible obrigar as persoas que presiden os tribunais que conserven a documentación de procedementos selectivos que tiveron lugar fai máis de 5 anos (2014), ou de dez anos ou máis, corno é o caso dos procedementos selectivos desenvolvidos nos anos 2010, 2008, 2007, 2006, 2005 e 2004.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 9 de marzo de 2020 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 12 de maio de 2020, tendo en conta a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, pola que se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos administrativos, que se reanudaron con data do 1 de xuño de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso a enunciados e plantillas correctoras das oposicións de secundaria dunha determinada especialidade, dende o ano 2004 a 2019. A Consellería proporcionoulle acceso aos criterios de avaliación e plantillas publicados polos tribunais da especialidade de Bioloxía e Xeoloxía do da convocatoria de 2019 e 2018.

A Consellería xustifica a denegación dos enunciados e plantillas dos restantes anos solicitados en base a que os tribunais destas probas, nomeados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, teñen plena autonomía funcional e son responsables da obxectividade do procedemento e garantirán o cumprimento das bases da convocatoria e a eles lles corresponde, a determinación dos criterios de actuación e a determinación e publicidade dos criterios de avaliación. Os enunciados dos exercicios escritos da fase de oposición e as plantillas de corrección, só de terse elaborado porque o tribunal así o decide, non conforman o expediente administrativo que debe entregarse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos senón que é o/a presidente/a do tribunal a persoa que custodia a devandita documentación.

En primeiro lugar, débese ter en conta que os tribunais de selección de empregados públicos, neste caso de persoal docente, son órganos administrativos de carácter técnico ao servizo da Administración, polo que a información que se atope no seu poder é información pública de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016. O carácter técnico destes órganos non debilita a súa natureza administrativa, nin os exclúe de formar parte da Administración pública. A referencia legal ao seu funcionamento segundo criterios de discrecionalidade técnica, reforza a necesidade de someter a súa actividade e as súas decisións ao escrutinio público, pois para o necesario control desta discrecionalidade e para acreditar o seu exercicio obxectivo e ponderado, resultan singularmente esixibles a existencia e o acceso á información que manexan estes órganos para a toma das súas decisións.

Por outra banda, o feito de que os enunciados e plantillas non formen parte do expediente administrativo que o tribunal teña obriga de remitir á Dirección Xeral, non pode significar que esa información non sexa información pública, nin é en ningún caso, elemento determinante da súa natureza auxiliar ou de apoio. Nas Leis de Transparencia vixentes, o dereito de acceso, a diferenza do que sucedía en aplicación do artigo 37 da derrogada Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRJ-PAC), non está supeditado á inclusión da información nun expediente administrativo. De acordo co artigo 24 da Lei 1/2016, información pública é calquera contido ou documento elaborado, neste caso por un tribunal que forma parte da Administración, para o exercicio das súas funcións, polo que é por tanto información pública, de acordo coa definición da Lei, tanto os enunciados como as plantillas solicitadas.

Respecto da consideración das plantillas como información auxiliar ou de apoio que xustifique a inadmisión da información solicitada de acordo co artigo 18.1.b) da Lei 19/2013, débese ter en conta que documentación auxiliar ou de apoio é un concepto xurídico indeterminado que ten que ser resolto atendendo a criterios de sentido común, en relación co contexto en que se sitúa e ao que debe darselle unha interpretación claramente restritiva do ámbito de aplicación do artigo 18.1.b) da Lei, é dicir, unha interpretación abertamente favorable ao exercicio do dereito de acceso.

Debe ser a *condición* de auxiliar ou de apoio da información e non a *denominación formal* que a mesma poida recibir o elemento determinante para a aplicación da causa de inadmisión. Imponse, pois, o exame, en cada caso, da información cuxo carácter auxiliar se alega, ao obxecto de decidir si, efectivamente, conta ou non coa devandita natureza.

Os documentos de traballo interno, como poderían cualificarse as plantillas de corrección dos exames, non cabe dúbida de que son documentos que teñen relevancia ou interese público, por canto xogan un papel crucial para garantir a obxectividade do tribunal, e da súa aplicación vai depender algo de tanta relevancia para o interese público como é a selección das persoas candidatas a un emprego público.

As plantillas son instrumentos de corrección manexado internamente polo tribunal de selección, pero este feito, non é xustificación para que non poidan ser consideradas información pública.

O tribunal de selección como órgano administrativo de carácter técnico está sometido no seu funcionamento á normativa dos órganos colexiados, como ben se cita no informe da consellería.

No seu funcionamento, debe garantirse a súa independencia e discrecionalidade técnica, calidades que implican a súa capacidade de tomar decisións libres de mandatos xerárquicos, baseadas nos seus coñecementos e competencias técnicas, que deben aplicar segundo criterios discrecionais, e son precisamente estes elementos os que reforzan a necesidade de someter a súa actividade e as súas decisións ao escrutinio público, pois para o necesario control desta discrecionalidade e para acreditar o seu exercicio obxectivo e ponderado, é imprescindible a existencia e o acceso á información que usan estes órganos para tomar as súas decisións, e máis se serve para obxectivalas. O acceso a este tipo de información é obrigado en coherencia cos principios de publicidade, transparencia e obxectividade, entre outros, que establece a lexislación vixente para rexer os procesos de selección para o emprego público.

O carácter interno da información solicitada unicamente xustifica a súa denegación no caso de que a mesma non teña relevancia ou interese público cousa que non sucede neste caso, por canto a información solicitada ten importancia crucial para garantir a obxectividade do tribunal, xa que da súa aplicación vai depender a selección das persoas candidatas ao emprego público, de indudable interese público. Por tanto, considérase que o carácter interno da documentación solicitada, que non ten a cualificación legal de secreta ou confidencial, non pode ser fundamento da súa exclusión do dereito de acceso á información pública.

Respecto do alegado pola Consellería de que para dar resposta ao solicitado debería recadarse por cada tribunal nomeado os enunciados dos exercicios escritos da primeira proba e, se fora o caso de que as tivesen elaborado, as plantillas de corrección, e iso implicaría una interferencia no principio de eficiencia que debe presidir a actuación e organización da Administración e interferiría no normal funcionamento deste órgano, non pode considerarse como xustificativo da denegación da información solicitada. Debe lembrarse que segundo afirma a Consellería, trátase de 41 tribunais e 6 comisións de selección, polo que non pode aceptarse que a elaboración e remisión de 47 oficios solicitando a información, paralice o funcionamento dunha Dirección Xeral nin supoña unha interferencia no principio de eficiencia.

Por tanto, procede a estimación da reclamación presentada, debendo a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional solicitar a dita documentación aos respectivos tribunais de selección, e proporcionarlla ao solicitante na medida que esta documentación exista efectivamente. No caso de que parte desta documentación non exista, débese comunicar formalmente ao interesado.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 12 de maio de 2020, contra a Resolución do 5 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se estima parcialmente a súa solicitude de obtención de copia dos enunciados dos exercicios e plantillas correctoras dos procedementos selectivos realizados en Galicia da especialidade de Bioloxía e xeoloxía do corpo de profesores de ensino secundario de distintos anos

Segundo: Instar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA

DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.07.23 17:38:47 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.